

1. Representa gráficamente os datos relativos ao número de incendios e á superficie queimada en Galicia dende 1989 ata 2010. Razona a evolución dese andazo que destrúe as paisaxes galegas.

Anos	Has. queimadas	Nº de incendios
1989	198119	8242
1990	51227	4045
1991	13361	4731
1992	12342	8197
1993	7954	7191
1994	12824	8397
1995	44245	15218
1996	21537	10145
1997	27753	14338
1998	48173	12934
1999	10514	8954
2000	45952	12589
2001	18353	9985
2002	26125	10777
2003	19819	8553
2004	32098	10618
2005	57452	11973
2006	95947	6995
2007	7051	3157
2008	6335	2546
2009	10119	3741
2010	14451	3876
18-X-2011	21300	4815

Fonte: elaboración propia a partir de *La Voz de Galicia* (6-2-2011 e 19-10-2011).

Para saber máis: procura información sobre as causas e as consecuencias dos incendios forestais nos **sitios do Consello da Cultura Galega e da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.**

2º. Visiona o documental de X. Bocixa sobre a [ameaza da mina de cobre en Touro](http://nostelevisión.gal/touro-o-pino-a-ameaza-do-cobre/): <http://nostelevisión.gal/touro-o-pino-a-ameaza-do-cobre/>. Procura información na Rede sobre a empresa que promove esa explotación e presenta un informe escrito.



3. Visiona os documentais [Coa auga ao pescozo](#) e [As Encrobas a ceo aberto](#). Elabora unha narrativa sintética na que expliques:

a) Os feitos que describen esas producións audiovisuais.

b) As razóns para expropiar as terras desas persoas expulsándoas dos espazos nos que desenvolvían os seus proxectos de vida.

c) As consecuencias económicas, sociais e ambientais desas políticas como exemplo dos custos do *progreso económico* para as poboacións das periferias do sistema globalizado.

4. Describe as características físicas e humanas das seguintes paisaxes, explica con que tipo se corresponde e sitúaaas na península ibérica.

